

PARA TODOS LOS PÚBLICOS

Montse García / montse.garcia@lavoz.es

**RadioVoz**

Voces de Compostela  
106.1 FM

**10-12 horas**  
El magazine de información local, dirigido por Alberto González, entrevista al chef Alén Tarrío, que compete por ser el mejor cocinero del Fórum Gastronómico; a Mon Barreiro, técnico de la selección Española femenina de fútbol sala, campeona de Europa; y secciones de vinos, con Aurelio Vázquez, y ocio, con Xacobe Lamas.

**Jornada**

**Cine y debate sobre violencia contra las mujeres**

La Facultade de Filosofía acoge hoy una jornada sobre violencia contra las mujeres. A las 17.30, proyección del documental *Tódalas mulleres que coñeza*, de Xiana do Teixeiro. A las 19.00, coloquio sobre el libro *Feminicidio, nova orde patriarcal en tempos de submisión*, con Carme Adán, Guadalupe Jiménez, Celia Salvador, Ángeles Villamuelas y M<sup>a</sup> X. Agra.

**Teatro Marián Bañobre**

**«En “O furancho” dámoslle a volta á cultura e á situación do país»**

*Ibuprofeno Teatro trae por primeira vez a Santiago a peza cómica*

Hoxe, mañá e o sábado, ás 20.30 horas, e o domingo ás 18.00 horas • Salón Teatro • 10 euros (5 euros o domingo) • O Salón Teatro convértese durante catro días nun furancho da man de Ibuprofeno Teatro. A actriz Marián Bañobre, que protagoniza a peza xunto a Isabel Risco, destaca a oportunidade que supón poder estar catro días no mesmo escenario cun espectáculo, neste caso con *O furancho*.  
—**Que vai atopar o público nesta peza con amplo percorrido?**  
—A pesar de levar catro anos é a primeira vez que estamos en Compostela con este espectáculo, no que cada función é diferente. A estrutura e o texto son os mesmos, pero

hai unha enerxía que é propia de cada función. É unha peza cómica, moi cañera, na que se lle dá a volta á nosa cultura e á situación do país. Isto supón un trasfondo bastante dramático porque as cousas están como están. O público vai rir bastante, pero vai reflexionar tamén.  
—**Tratan o furancho como unha metáfora da sociedade.**  
—Sí, é unha metáfora da nosa profesión, o propio teatro, pero tamén de calquera oficio artesanal. O furancho dá aos seus veciños o excedente de viño e é algo caseiro, pero esas persoas teñen que facer todo: elaborar o viño, coidar a viña, servir a mesa... Son todos os oficios artesanais, todas aquelas persoas que teñen que elaborar un produto desde o seu inicio ata o final. Falamos moito do fracaso, como a xente loita por sacar adiante algo coas súas

propias mans. Estas dúas mulleres que están no furancho fracasan e repóñense a iso.  
—**Levan catro anos con «O furancho». Teñenlle data de caducidade?**  
—Hai tempo desexabamos rabiosamente ter que retiralo porque cambiara o goberno neste país e todo o que dicimos nesta peza non tería sentido. Estaríamos encantados de retirar o espectáculo porque cambian as cousas e perda o sentido moito do que se di, pero desgraciadamente non é así. Ademais, non sabemos o que nos virá agora con estas campañas electorais novas. Mentres as cousas sigan como están, temos furancho para tempo.

—**Esta peza foi como o inicio dunha serie de traballos coa comida como protagonista: «Raclette» e «Casa O'Rei». Por que?**  
—É certo que nos gusta moito a comida [rí]. Son espectáculos moi diferentes na concepción e na estrutura, pero todos teñen algo que ver coa comida. Non foi algo premeditado, aínda que cando nos demos conta dixemos: «Temos unha triloxía gastronómica». —**Con «Casa O'Rei» están nomeados aos premios Max. Que supón para vostedes?**  
—Aínda son as nomeacións iniciais e á volta final é moi difícil chegar. Con *Raclette* conseguímo-lo, algo que foi histórico, porque ningunha compañía galega o lograra



Marián Bañobre di que a peza fai rir e reflexionar. v. vigo

to a comida [rí]. Son espectáculos moi diferentes na concepción e na estrutura, pero todos teñen algo que ver coa comida. Non foi algo premeditado, aínda que cando nos demos conta dixemos: «Temos unha triloxía gastronómica». —**Con «Casa O'Rei» están nomeados aos premios Max. Que supón para vostedes?**  
—Aínda son as nomeacións iniciais e á volta final é moi difícil chegar. Con *Raclette* conseguímo-lo, algo que foi histórico, porque ningunha compañía galega o lograra

tras desaparecer a categoría exclusiva de aquí. É moi difícil repetir, pero o feito de chegar a estar entre os 19 nomeados entre as trescentas montaxes que se presentaron en cada categoría xa é unha grande alegría. Ademais, oxalá sirva tamén para darlle difusión á obra fóra de Galicia, porque ao ser un espectáculo grande gustáanos que tamén chegue fóra. Achéganos moito tamén relacionarnos con outra xente e saber o que fan noutros sitios.

**Hemeroteca Hoy hace 12 años**



Una de las viviendas incendiadas en Arzúa. PACO RODRÍGUEZ

**Intentan linchar al presunto autor de 5 incendios en Arzúa**

**2007** Un hombre de 37 años, F.M.G.M., apodado El Catalán, con familia en Arzúa, era el objeto de las iras de los vecinos, hasta el punto de intentar lincharlo, por considerarlo autor de al menos cinco incendios en inmuebles

de la localidad, una auténtica «ola pirómana». Pese a las sospechas y los cargos, entre ellos la quema de un bajo comercial y una vivienda, fue puesto en libertad tras pasar por el juzgado. El entonces alcalde, Xaquín García, advertía de la «gran alarma social» generada.

**Vida social**

**Contra la pobreza.**

El presidente Feijoo y la conselleira Fabiola García inauguraron en San Caetano una exposición de la Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia). Se enmarca dentro del ciclo Olladas inclusivas, en el que también van a participar otras ocho entidades sociales. FOTO DAVID CABEZÓN



**Violencia en la familia.**

La violencia en el ámbito familiar centró ayer el coloquio del ciclo Tempo de Psicoloxía, con Mónica Permy, directora de la Fundación Meniños; el psicólogo José Manuel Oreiro, la jueza María Paz Filgueira y la edil compostelana Concha Fernández. Moderó el acto la periodista Antía Díaz, de Radio Voz. FOTO R. RODRÍGUEZ

**Otros actos hoy**

**CONCIERTOS**

- Willie & Winnie**  
21.00 • Sala Riquelme • Acceso libre • Vuelve el dúo ferrolano con su folk y jazz.
- Miguel Carballido y Zeltia**  
21.00 horas • Pazo A Mediana • Entrada libre • Música folkrock y jazz.
- Barahúnda**  
21.00 horas • Casa das Orquestras • 5 € • Concierto de presentación del disco *On de vai o mar?*
- Alejandro Vargas Trío**  
21.30 horas • Pazo Barahúnda • 5 € • A. Vargas, J. Manuel Díaz y LAR Legido.
- Pablo Sax Trío**  
22.00 horas • Pazo A Mediana • Entrada libre • P. Sanmamed, Sergio González y P. Sax.

**TEATRO UNIVERSITARIO**

**U. Técnica de Lituania**  
21.00 horas • Teatro Principal • Gratis, previa retirada de entrada • El grupo lituano representa «Icarus».

**CASA RURAL - RESTAURANTE**



Un remanso na natureza

aberto todos os días

Fogar do Selmo / Turismo Rural Galicia, Urdilde - Rois - A Coruña  
RESERVAS: Tels: 981 805269 / Móbil: 699 423393

www.fogardoselmo.com



Cociña tradicional galega  
con produtos autóctonos criados en liberdade